




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/17951/2021 06/08/2021

Area / Unidade PERSONAL PE0000 SLR	Documento 10815I06KQ	
Código de verificación  133J 1B38 2T0P 5Q6Z 13NX	Expediente 108/2020/901	
	Data 04-08-2021	

**Asunto:** APROBACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA (SUBGRUPO A2)

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 10/06/2020 autorizouse a convocatoria dun proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola (subgrupo A2) en calquera dos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

**Segundo.-** O anuncio da convocatoria deste proceso selectivo foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 90 do 18/06/2020.

**Terceiro.-** O día 03/08/2021 o tribunal designado para xulgar o proceso selectivo anteriormente descrito publicou un anuncio das puntuacións finais do proceso selectivo e da proposta de inclusión na listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola (subgrupo A2), nos seguintes termos:

NOMBRE	DNI	Exerc. Oposición	Concurso	Total
PRIETO SEVILLA , JORGE	****2617N	57,20	39,8	97
RODRIGUEZ QUINTANILLA , LUCIA	****9631D	54,90	11	65,90

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** A Instrución 4/17 que regula o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino do Concello da Coruña establece que cando non existan listas de agarda nalgún corpo ou categoría ou cando aquelas estean esgotadas convocaranse procesos selectivos específicos para a constitución de novas listaxes de agarda.

Esta mesma instrución establece, no seu artigo 2, que as listaxes estarán constituídas polas persoas aspirantes que superen algún dos exercicios da fase de oposición que integren o proceso selectivo e que a orde de prelación das persoas que formen parte das listaxes virá determinada pola totalidade da puntuación obtida no proceso selectivo.

**Segunda.-** Conforme a base novena da convocatoria concluído o proceso selectivo o tribunal propondrá á inclusión das persoas que o superasen na listaxe para a cobertura de prazas de

Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola (subgrupo A2) como persoal funcionario interino nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

**Terceira.-** De conformidade co anuncio publicado o día 03/08/2021 polo tribunal designado para xulgar este proceso selectivo, procede aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola (subgrupo A2).

Esta aprobación terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

**Cuarta.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

## RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola (subgrupo A2), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo autorizado por Resolución do 10/06/2020 do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, nos seguintes termos:

ORDE	NOMBRE	DNI	Exerc. Oposición	Concurso	Total
1	PRIETO SEVILLA , JORGE	****2617N	57,20	39,8	97
2	RODRIGUEZ QUINTANILLA , LUCIA	****9631D	54,90	11	65,90

2. Esta listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

3. De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas